

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA O CONCELLO DE A GUDIÑA PARA A HUMANIZACIÓN E MELLORA DAS RÚAS DA IGREXA, DO CEMITERIO E DOS LAMEIROS NO LUGAR DE O TAMEIRÓN

#### 1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, creada polo Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 181 do 7 de setembro), en virtude do establecido no apartado m) do artigo 13º.1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo (DOG núm.79 do 25 de abril) polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

#### 2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de A Gudiña, enmárcase na continuada colaboración entre a consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo. Para elo, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para o ano 2021 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

#### 3.-Finalidade

No apartado m) do artigo 13.1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, atribúeselle á consellería a competencia para realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

En relación co anterior, unha das liñas de actuación da consellería consiste na colaboración cos concellos para a mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, para aumentar e elevar a variedade e os niveis de servizos destinados a proporcionar unha oferta de calidade axeitada ás necesidades da poboación, fomentando deste xeito o atractivo das vilas e dos núcleos rurais da nosa comunidade autónoma. Polo tanto, atendendo á finalidade da actuación, considerase que forma parte das liñas de acción da consellería definidas no citado artigo.

#### 4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de A Gudiña, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na humanización e mellora das rúas da igrexa, do Cemiterio e dos Lameiros no lugar de O Tameirón.

#### 5.- Fundamentos do instrumento convencional

O concello de A Gudiña trata de promover unha actuación consistente na humanización e mellora  
[DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO](#)  
[CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA](#)

Edificio Administrativo de San Caetano  
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 355  
[sxurbanismo@xunta.gal](mailto:sxurbanismo@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



das rúas da Igrexa, do Cemiterio e dos Lameiros no lugar de O Tameirón.

Esta dirección xeral considera que a actuación forma parte das liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda definidas no xa citado artigo 13.1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo.

A execución pola Comunidade Autónoma de determinadas obras en réxime de cooperación con outras entidades públicas esixe, cando teñen por finalidade a satisfacción directa de necesidades cuxa prestación corresponde a esta entidades, a posta en marcha de mecanismos que, respectando o marco legal patrimonial vixente, posibiliten a realización das mesmas cos marxes de eficiencia e seguridade requiridos.

De conformidade cos artigos 143 e 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral de acordo coas técnicas que consideren máis axeitadas, como a cooperación interadministrativas para a aplicación da normativa reguladora dunha materia ou actuacións de cooperación en materia patrimonial, incluídos os cambios de titularidade e a cesión de bens. Concretamente o artigo 143.1 establece: “As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio.

Estas relacións de cooperación, que requiren a aceptación expresa das partes, se formularán en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios nos que se preverán as condicións e compromisos que asuman.

O artigo 48 da citada Lei de réxime xurídico do sector público establece que as Administracións públicas e os organismos públicos, no ámbito das súas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público, que deberán mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito acordo fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura  
María Encarnación Rivas Díaz, Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano  
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 355  
sxurbanismo@xunta.gal  
www.xunta.gal

